



CONCELLO DE VILABOA (Pontevedra)

C/Toural, 1 – C.P. 36141 - Tlfnos.: 986 70 82 15 - 70 82 52 - Fax. 986 70 73 87 - Email. info@vilaboa.org

Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor, secretario do Concello de Vilaboa (Pontevedra)

C E R T I F I C O

Que, segundo consta na acta correspondente, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 9 de outubro de 2008, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

3. CONTRATACIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓNS.

3.1. ADXUDICACIÓN “PAVIMENTACIÓNS VARIAS E SANEAMENTO EN VILABOA 2008”

Proposta da Alcaldía

“Visto que mediante Decreto da Alcaldía 752/08, de 23/9/2008 aprobouse o expediente de contratación e os pregos de cláusulas administrativas para a adxudicación das obras de “Pavimentaciones Varias e Saneamento en Vilaboa 2008”, por procedemento negociado sen publicidade, así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que con data de 9/10/2008 constituíuse a Mesa de contratación e esta, tendo en conta os aspectos de negociación e o informe técnico incorporado ao efecto, realizou proposta de adxudicación a favor da empresa “Construcciones Vale S.L.”

Examinada a documentación obrante no expediente, de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

PROPOÑO:

Primeiro. Declarar válido o acto de licitación.

Segundo. Adxudicar provisionalmente o contrato de obra de “Pavimentaciones Varias e Saneamento en Vilaboa 2008”, por importe de 112.262,00 € e un prazo de execución de dous meses, á empresa “Construcciones Vale S.L.” de acordo co prego de cláusulas administrativas e demais condicións establecidas na súa oferta.

Terceiro. Notificar e requirir a “Construcciones Vale S.L.” adxudicataria provisional do contrato, para que constitúa, dentro dos dez días hábiles seguintes ao da data de publicación desta adxudicación provisional a garantía definitiva do contrato que ascende a 4715,04 € (catro mil setecentos quince con cero catro euros).

Carto. Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no perfil de contratante do Concello de Vilaboa e no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda aprobar a proposta da Alcaldía anterior

E para que conste expido esta certificación, co visto e prace do alcalde José Luis Poceiro Martínez e coa advertencia do artigo 206 del Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vilaboa a dez de outubro de dous mil oito.

RECURSOS: Contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, segundo artigo 109.c) da Lei 30/1992 e 52.2a)



CONCELLO DE VILABOA (Pontevedra)

C/Toural, 1 – C.P. 36141 - Tlfnos.: 986 70 82 15 - 70 82 52 - Fax. 986 70 73 87 - Email. info@vilaboa.org

da LBR, poderá interpoñer **recurso potestativo de reposición**, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de **un mes**, contado a partir do día seguinte a aquel en que reciba esta notificación, ao abeiro dos artigos 116.1 e 117.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada por Lei 4/1999. Este recurso entenderase desestimado se dende o día seguinte á súa presentación transcorre **un mes** sen que se resolva e notifique de forma expresa, segundo establecen os artigos 117.2 e 43.2 da Lei 30/1992.

Así mesmo, poderá interpoñer directamente **recurso contencioso-administrativo** ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de **dous meses** contados a partir do día seguinte a aquel en que reciba esta notificación, de acordo cos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Se interpuxese recurso potestativo de reposición, sen que se resolva e notifique no prazo de un mes, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de **seis meses**, contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo cos artigos 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Advirtolle, que poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

O secretario

Visto e prace
O alcalde